

VIII Edición Día do libro solidario

MARCAPÁXINAS

a prol da Solidariedade

Curso 2015-2016



GUÍA DIDÁCTICA



Foto portada: Jonathan Hyams /Save the Children
Foto contraportada: Colin Crowley /Save the Children

DOSSIER

Grazas por celebrar o Día do libro solidario 2016

No Día do libro prestámoslle homenaxe ao pracer da lectura, aos numerosos autores e autoras que contribúen a crear progreso social e cultural coas súas obras e alentamos aos nenos e nenas a que descubran que todas as persoas temos os mesmos dereitos.

Sabemos que a educación é unha oportunidade para traballar as emocións desde as idades máis precoces e favorecer o crecemento en valores de solidariedade. Os libros convértese en grandes aliados nesta tarefa, axudándonos a escoitar, comprender, crear, descubrir e ampliar experiencias. A lectura abre a mente a outras realidades, favorece o respecto e a reflexión sobor outras realidades alleas á propia e prepáranos para a vida.

Coa proposta para celebrar a actividade **Marcapáxinas a prol da Solidariedade** no Día do libro sumámonos á vosa labor educativa aprofundando en valores de solidariedade e cooperación. Con este dossier queremos contar cómo é o problema da desnutrición infantil, as súas causas, consecuencias, cómo afecta ós pequenos, qué facemos para combatela e os lugares onde o problema é máis grave e urxente. O exemplo de Burkina Faso axudará a que achegues aos teus alumnos e alumnas os problemas máis graves da infancia, a que coñezan mellor un dos países máis pobres do mundo e daravos **a oportunidade de escribir unha páxina na loita contra a desnutrición infantil.**

Créditos

Dirección:
M^a Sol Paniagua López

Colaboración:
M^a Luisa Ortega del Val
María Cimadevilla
Silvia Lara
Juan Guilló

Arte e paxinación:
Óscar Naranjo Galván

Edita:
Save the Children

Depósito legal:
M-4894-2016



ÍNDICE

Dossier

- 3 A supervivencia infantil
- A mortalidade infantil. A lotería da vida
- 4 Causas da desnutrición infantil
- Consecuencias da desnutrición infantil
- Xuntos combatemos a desnutrición infantil
- 6 As zonas mais vulnerábeis
- Burkina Faso. Un país con máis dificultades para a infancia
- 7 Xunto coas cativas e cativos en Burkina Faso

Actividades

- 9 Educación Infantil (3-6 anos)
- 11 Educación Primaria I (6-9 anos)
- 13 Educación Primaria II (9-12 anos)
- 15 Educación Secundaria (12-18 anos)
- 17 Actividade de Centro
- 19 Anexos

A SUPERVIVENCIA INFANTIL

Cando medio planeta está preocupado por mor dunha crise económica que altera o seu estado de benestar, é doado non prestarlle atención ao que é realmente unha crise, unha crise humanitaria: **a desnutrición infantil**.

A loita pola supervivencia avanzou moito nas últimas décadas. Desde 1990, a taxa de mortalidade nos menores de 5 anos descendeu un 47%. Porén, cómpre seguir a traballar para que esa cifra siga a reducirse.

16.000 cativas e cativos menores de 5 anos morren cada día por mor de doenzas que se poden atallar ou tratar como son a desnutrición, a diarrea, o xarampón, a pneumonía ou a malaria. Cada ano acontecen case que 3,6 millóns de mortes principalmente nos países máis empobrecidos.

A desnutrición é unha das principais causas de mortalidade infantil. Unha doenza que se agrava por mor do consumo de auga non potábel, sistemas de saneamento obsoletos ou a falta de hixiene.

A MORTALDADE INFANTIL. A LOTERÍA DA VIDA

O 99% da mortalidade infantil preséntase nos países en desenvolvemento e na súa maioría afectan á infancia das familias que se achán nunha situación de pobreza máis grave. Que unha cativa ou cativo sobreviva non só se debe aos ingresos da familia. **Esta é a lotería da vida**. O xénero, o lugar de residencia ou o grupo étnico ao que pertence pode resultar un asunto de vida ou morte.

Acabar coa mortalidade infantil significa loitar contra a desigualdade e asegurar que cada cativa e cada cativo, sen importar de onde viva ou quén sexa a súa nai ou pai, reciba a atención dun profesional da saúde. Significa tamén que as nais teñan acceso a unha nutrición axeitada durante o embarazo.

A pobreza é a primeira causa de morte infantil no mundo, mais as causas desta situación de pobreza son variadas en moitos lugares.

- O cambio climático provoca cada vez maiores secas, inundacións e desastres naturais que afectan aos países máis vulnerábeis.
- A subida global do prezo dos alimentos repercute directamente nas familias con menos recursos e complícalles a xa de por si difícil posibilidade de confrontar situacións críticas.
- Para saír adiante, as familias vense obrigadas a vender os seus animais, gastar os seus aforros, reducir o número de comidas e sacar aos seus fillos das escolas por non contaren cos cartos precisos para pagaren as taxas escolares. Todo isto repercute no futuro das pequenas e dos pequenos, e na capacidade das familias de resistir os momentos de crise humanitaria.
- A inestabilidade dos propios estados fai que se invistan poucos recursos na educación, na saúde e na infancia en xeral.

En España morren 5 nenos de cada 1.000 antes de cumprir os cinco anos. Nun país como Níxer morren 143; en Malí, 178; ou en Burkina Faso, 176. Nestes países entre o 30 e o 40% das pequenas e pequenos menores de 5 anos ten baixo peso grave ou moderado.

Unha cativa ou un cativo con desnutrición ten 10 veces máis posibilidades de morrer por mor de causas evitábeis como son a diarrea e pneumonía e por non superar as crises que se producen en situacións de emerxencia como as producidas na zona do Sahel.

CAUSAS DA DESNUTRICIÓN INFANTIL

Un cativo co desnutrición ve afectada a súa supervivencia e desenvolvemento físico, cognitivo e intelectual. A desnutrición é o resultado non só do consumo insuficiente de alimentos (en cantidade e calidade), mais é tamén resultado dunha falta de atención axeitada e a aparición de doenzas infecciosas.

Causas directas

Alimentación e atención insuficiente.
Doenzas.

Causas intermedias

Acceso limitado á auga potábel e saneamentos seguros.
Sistemas sanitarios febles.

Causas ubxacentes

Pobreza, desigualdade e exclusión.
Estados fráxiles e conflitos.

CONSECUENCIAS DA DESNUTRICIÓN INFANTIL

A alimentación insuficiente dun cativo ou cativa ten consecuencias inmediatas e a longo prazo. As nais desnutridas dan a luz fillos desnutridos, por iso atender ás nais é atender tamén ás fillas e fillos. Unha nai con anemia, por exemplo, ten máis dificultades no parto e dá a luz a fillos con peso baixo.

A consecuencia máis visíbel da desnutrición infantil é o retraso do crecemento normal para unha idade concreta. Isto reflíctese directamente no peso e na talla do pequeno. Pero se esta desnutrición é crónica, como ocorre en moitos dos países empobrecidos, as consecuencias afectan ás nenas e nenos a máis longo prazo.


Producen deterioracións na súa capacidade física, intelectual, emocional e social. Tamén aumenta o risco de contraer doenzas por infección e mesmo o risco de morte. O corazón perde masa muscular e pódese producir unha insuficiencia cardíaca. O sistema inmunolóxico tórnase ineficiente, aumentan as infeccións respiratorias e intestinais, a duración das doenzas é maior e cun prognóstico peor.

A deterioración que produce xera dificultade no rendemento escolar, provocando problemas de aprendizaxe, retención e memoria, e a longo prazo impide o acceso do rapaz a unha educación superior.

XUNTOS COMBATEMOS A DESNUTRICIÓN INFANTIL

As nosas prioridades:

- Salvar a vida das pequenas e pequenos en risco de desnutrición.
- Conseguir que as familias afectadas polas crises humanitarias recorrentes poidan manter as súas fillas e fillos.
- Xerar nas comunidades unha capacidade de resistencia perante as crises a longo prazo, evitando consecuencias máis dramáticas.

Cómo acadalo:

A prevención, a atención e a eficiencia son palabras chave no proceso de intervención nos países empobrecidos. Estes son os elementos que rexen o noso traballo nos programas de supervivencia infantil e todos eles deben de estar engrenados para asegurar o maior impacto nas pequenas e nos pequenos.

Segundo estas tres premisas, estes son algúns exemplos de intervención que contribúen á supervivencia infantil:

- Formación e actuación de traballadores sanitarios.
- Poñer o foco nos casos de desnutrición severa. Detectar con prontitude os casos máis graves coa medición do perímetro do brazo cunha cinta métrica braquial e o preso, isto permite iniciar un tratamento sinxelo sen necesidade de hospitalización.
- Poñer en marcha un tratamento axeitado segundo a súa idade e circunstancias.

Os **alimentos terapéuticos listos para empregar** pódense tomar no fogar e evitan a hospitalización. Son axeitados para pequenos maiores de 6 meses, non requiren de refrixeración, non hai que engadirilles auga para consumilos e grazas ao illamento do seu envoltorio pódense empregar mesmo que as condicións hixiénicas non sexan óptimas. Un exemplo é o **“plumpy nut”**, unha pasta de manteiga de cacahuete, leite e vitaminas cun alto valor enerxético e nutritivo.

Os nenos menores de seis meses reciben **leite terapéutico**.


A distribución de pílulas purificadoras de auga e suplementos de cinc para evitar a diarrea, ou mosquiteiros impregnados en insecticida que reducen a mortalidade infantil nun 20%.

- Loitar contra a **desnutrición crónica** a través do fortalecemento das mulleres e o apoio á lactación materna.
- Distribución axeitada da **auga potábel** e do **saneamento**. Este déficit e as prácticas de hixiene non axeitadas provocan o aumento das doenzas infecciosas como son a diarrea e contribúe á desnutrición crónica de moitos menores. Para as cativas e cativos aprender o sinxelo xesto de lavar as mans mellora as súas condicións de vida.
- Emprego de **transferencias monetarias** para cubrir as necesidades básicas ou para desenvolver actividades produtivas, sobre todo en contextos de emerxencia humanitaria. Para unha familia, ter unha cabra pode supor tanto fonte de alimento para a súa familia coma ingresos. Este tipo de estratexias empoderan ás familias, apoian as economías locais e son doadas de pór en marcha con pouco custo.

Ademais de ter presente o enfoque de dereitos do neno na realización dos nosos programas, instamos aos gobernos a que leven a cabo políticas que aumenten a inversión na infancia.



Comparemos a clasificación IDH entre os primeiros e os últimos países



7 dos últimos 8 países da clasificación áchanse na denominada África Occidental

*(IDH 2014)

AS ZONAS MÁIS VULNERÁBEIS

O indicador que mellor nos fai coñecer a realidade da pobreza no noso planeta é o **IDH (Índice de Desenvolvemento Humano)**. Foi creado polo Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) e amosa un tipo de desenvolvemento que non só se basea nas estatísticas económicas, mais tamén en aspectos chave da calidade de vida como a educación e a sanidade. Non fala tan só de países ricos e pobres, mais de países nos que a vida é máis xusta, digna e onde unha cativa ou un cativo teñen máis posibilidades de sobrevivir.

BURKINA FASO. UN PAÍS CON MÁIS DIFICULTADES PARA A INFANCIA

Burkina Faso está situado na zona central do África Occidental. É un **país vulnerábel por mor da súa situación xeográfica** –veciño de países inestábeis politicamente como son Costa de Marfil e Malí- e **por mor do seu clima** – dentro da rexión do Sahel onde as secas son recorrentes e as crises alimentarias e as fames acontecen cada pouco.

A pesar de ser un dos maiores produtores de ouro de África, é un país pobre. Sitúase no posto 181 do IDH (2014) dun total de 187. A desertización, o aumento da poboación e a chegada de refuxiados malianos son algunhas das dificultades ás que se enfrenta este pequeno país duns 17 millóns de habitantes. O 21% son menores de cinco anos, os máis vulnerábeis perante situacións de fame e crise alimentaria.

Segundo UNICEF, en 2013 morreron 64.000 pequenos e pequenas. Doenzas de curación doada e evitábeis coma o xarampón, a diarrea, a pneumonía ou a malaria son a causa de que 102 nenos de cada 1.000 nados non cheguen a cumprir os cinco anos. Máis do 50% sofren desnutrición, o que aumenta as posibilidades de non sobrevivir.

O estado nutricional dos menores de 5 anos é moi precario. Tan só o 3% das pequenas e pequenos de entre 6 e 23 meses son alimentados axeitadamente, e só un 25% dos menores de 6 meses reciben lactación de maneira correcta.

O número de mortes maternas tamén é moi alto. En Burkina Faso 1 de cada 55 nais está en risco de morte ao longo da súa vida. En Finlandia tan só o estarán 1 de cada 12.200. Á pobreza e á falta de atención sanitaria únense outras causas como os matrimonios precoces e a mutilación xenital feminina. A media de fillos é de 5,8, o que eleva a posibilidade de morrer para unha nai.

No caso das nenas, ó matrimonio precoz e ó abuso súmaselle a pouca asistencia á escola. Unha nena de Burkina Faso non superará os 7 anos de permanencia nunha escola perante os 17 anos dunha finesa.

A economía do país baséase principalmente na agricultura e a gandería. Máis do 90% da poboación son agricultores tradicionais con pequenas producións agrícolas que sofren da falta de alimentos e que contan con métodos de producións tradicionais suxeitos a precipitacións irregulares por mor do cambio climático. Máis do 49% da poboación vive con menos de 1 dólar ao día, o que provoca tensións sociais recorrentes. A poboación emigra ás cidades en busca de traballo o que fai medrar os suburbios nos que as condicións de vida son moi desfavorábeis. A esperanza de vida ao nacer é de 57 anos.

XUNTO COAS CATIVAS E CATIVOS EN BURKINA FASO

Save the Children traballa en Burkina Faso desde 1982 e na actualidade está presente en seis das trece rexións do país. As áreas temáticas dos nosos programas son: nutrición, saúde, protección, educación, seguridade alimentaria e emerxencias.

Programas de saúde e nutrición

> **O obxectivo:** reducir nun 2% a mortalidade infantil causadas por doenzas evitábeis como a malaria, a pneumonía, o xarampón e a diarrea entre as rapazas e rapaces menores de cinco anos das rexións nas que traballamos: Cascades, Boucle du Mouhon, rexións Centro Norte e Goudebo (campamento de refuxiados na rexión do Sahel). Cóntase con chegar a máis de 12.000 nenas e nenos con problemas de desnutrición grave ou crónica que recibirán atención médica gratuíta.

> **Cómo acadalo:**

- Mellorando o acceso á saúde coa formación de traballadores sanitarios
- Apoiando ós centros de saúde
- Vacinando contra o xarampón e fornecendo profilaxe contra a malaria a cativos e nais
- Con suplementos alimenticios para nenos e mulleres embarazadas
- Formando a mulleres embarazadas en temas de lactación e alimentación
- Desenvolvendo programas de fortalecemento da hixiene e o saneamento

Programas de Educación

> **O obxectivo:** conseguir que 20.500 cativas, cativos, mozas e mozos de entre 6 e 18 anos (50% nenas e 50% nenos) teñan acceso á educación formal e non formal de calidade en Burkina Faso.

> **Cómo acadalo:**

- Empregando unha metodoloxía de educación innovadora coñecida como “Todos para un e un para todos” que segue un modelo de escola amiga da infancia. Fornécese unha educación básica de calidade para os cativos e cativas, e foméntase un forte sentido da responsabilidade e a participación infantil.
- Fornecéndolles ás cativas, cativos, mozas e mozos vulnerábeis formación profesional con talleres de costura, traballo do coiro, tinxido e outras técnicas, a fin de fomentar a educación nun contexto de emerxencia.

Programas de seguridade alimentaria

> **O obxectivo:** contribuír a mellorar as condicións de vida das cativas e cativos mediante a redución sostíbel da inseguridade alimentaria e o fortalecemento da capacidade de resistencia dos seus pais en situacións de crise.

> **Cómo acadalo:**

- A través do aumento de alimentos e o apoio ás comunidades agrícolas e gandeiras
- Reforzando as relacións entre agricultores e formándoos
- Transferindo cartos para investir en agricultura e gandería destas poboacións vulnerábeis
- Creando un sistema de alerta temperá a fin de mellorar a capacidade de resistencia das comunidades nas rexións nas que traballamos

ACTIVIDADES



Foto: Janie Barrett /Save the Children

Educación Infantil

“Unha flor coma un caracol”

3–6 anos

**40 min.****Obxectivos**

- Promover o valor dos contos para coñecermos cómo é a vida doutros nenos e nenas.
- Achegar valores de xustiza social no Día do libro promovendo os Dereitos da infancia.
- Participar en iniciativas comunitarias para o desenvolvemento de nenos e nenas.

Competencias

A comunicación oral, a escoita, a observación, a interacción co grupo favorece a **competencia social e cidadá**, xunto coa competencia en comunicación lingüística. O exercicio da creatividade e as distintas formas de expresión incide na **competencia cultural e artística**.

Metodoloxía

Combinamos actividades relacionadas co conto, con dinámicas creativas de interacción en grupo e cooperación.

Materiais

- Contos
- Pinturas de cores
- Marcapáxinas solidarios

Desenvolvemento da actividade**Palabras de agarimo aos contos (15 min.)**

Convidamos aos nenos e nenas que participan na actividade a que se coloquen en círculo co conto que trouxeron na man. A mestra ou mestre comeza no centro e di, moi baixiño, unha palabra agarimosa ao conto. Repíteo baixiño ata que todos escoiten a palabra. Cando a identifiquen, animáselles a que vaian saíndo espontaneamente un por un a dicir palabras agarimosas aos contos, sempre en ton moi baixiño ata que os compañeiros e compañeiras as descubran.

Todos precisamos coidados para medrar (10 min.)

Observamos os contos e buscamos flores nas súas páxinas. Cando as atopamos convidados aos compañeiros e compañeiras a observalas. A mestra ou mestre convida a observar a diversidade nas flores (se teñen formas e cores diferentes) e o que teñen en común: todas precisan auga, luz e coidados para poder medrar.

Flores moi especiais nos Marcapáxinas a prol da Solidariedade (15 min.)

A mestra reparte os marcapáxinas de Save the Children e lembra que todas as nenas e nenos no mundo, mesmo os que nacesen en lugares moi diferentes teñen algo en común: todos precisan que lles coiden e protexan para poder medrar sans e felices. Anima a decorar os marcapáxinas con flores moi especiais que protexen a vida dos nenos e nenas de Burkina Faso en África. Para decorar flores tan especiais hai que escoitar con atención e debuxar:

1. Elixir tres cores que vos gusten para decorar as flores.
2. Esta flor.. Ten a cara de caracol que se pon feliz cando a nenos e nenas ve vivir.. Arredor da cara ten cinco orellas para escoitar que un mundo mellor imos acadar.. e suxéitalle unha gran estrada coma unha escaleira, para subir e descubrir que os dereitos se van cumprir..

Nenos e nenas realizan os marcapáxinas e convidámoslles a que os leven a casa e os intercambien por achegas económicas que han servir para apoiar programas contra a desnutrición infantil que realiza Save the Children en Burkina Faso e na zona do Sahel. Tamén poden amosarse os marcapáxinas na “Floraría Solidaria” se o centro escolar decide organizar unha actividade colectiva.

Suxerencias para a actividade

Suxíreselles ás familias e aos nenos e nenas unha semana antes que traian un conto para partillar na aula o Día do libro (se é posíbel, escoller contos que poidan ter un vínculo con África o que conteñan flores nas súas ilustracións).

A actividade pode adaptarse a unha ou varias sesións se se decide facer unha lectura na aula dos contos que se trouxeron para a actividade.

Durante a decoración dos marcapáxinas é posíbel acompañar a nenos e nenas con xestos, debuxos e movementos que faciliten a escoita activa e a interpretación do debuxo segundo a idade.

Avaliación

Cando finalice a actividade poden presentarse algunhas preguntas para reflexionar en grupo:

- Gústanvos os contos? Que nos ensinan os contos?
- Cantas flores diferentes vimos? E que precisan todas para medrar?
- Que conseguimos cos marcapáxinas que decorastes?

Educación Primaria

“Cousas maravillosas que nos fan medrar”

6–9 anos

**45 min.****Obxectivos**

- Promover os contos e os libros a modo de soporte de desenvolvemento humano de nenos e nenas.
- Traballar no Día do libro a prol da xustiza social e o benestar da infancia no mundo.
- Apoiar iniciativas comunitarias para mellorar os dereitos da infancia.

Competencias

Desenvolver hábitos de lectura e escritura e manter actitudes de diálogo e escoita favorecen a **competencia en comunicación lingüística**, o achegamento a conceptos abstractos de xustiza, igualdade e dereitos, desenvolve a **competencia social e cidadá**.

Metodoloxía

Empregamos actividades de interacción con libros e contos, dinámicas creativas de reflexión en grupo e accións de participación comunitaria.

Materiais

- Libros ou contos
- Fichas de identificación (medio folio pode chegar)
- Cordón ou lazo para colgar a ficha
- Rotuladores ou pinturas
- Papel continuo ou cartolinas
- Marcapáxinas
- Materiais para crear flores: pinturas, papel de cores, xornais, gomets, pegamento...

Desenvolvemento da actividade**Poñemos a biblioteca en orde (10 min.)**

Repartimos unha ficha a cada participante na actividade e pedímoslles que escriban nela o título do libro que trouxeron e o nome do autor ou autora. Co lazo poden colgar a ficha de xeito que sexa visíbel para o resto de compañeiros e compañeiras. Pedímoslle ao grupo que se poña en pé e se coloquen en fila por orde alfabético segundo os títulos dos libros que aparecen nas súas fichas. Para comprobar que están ordenados igual ca nunha

biblioteca leen en voz alta o título do seu libro seguindo a orde da fila e se alguén está mal colocado todo o grupo o axuda a buscar o seu lugar seguindo a orde alfabética.

Convertemos o Día do libro en solidario (20 min.)

Unha vez están colocados en orden pedímoslles que transformen a fila nun círculo e que partillen algún exemplo de personaxes que nos seus libros ou contos recibiron algunha axuda ou apoio nalgún momento da historia.

Despois dalgúns exemplos propoñemos buscar nos contos e libros que trouxeron “ cousas marabillosas ” que fan que os nenos e nenas de todo o mundo teñan unha vida axeitada para medrar sans (ex. sol, agua, aperta, choiva, bicos, sorrisos, comida, fogar, amigos...). Imos escribindo no encerado ou nun mural con letras grandes as palabras que os nenos e nenas van descubrindo e deixámolas nun lugar visíbel da aula.

Marcapáxinas a prol da Solidariedade (15 min.)

A mestra reparte os marcapáxinas na aula xunto cos materiais para decorar flores. Cada alumno ou alumna decóraos con flores tan “asombrosas” que van servir para conseguir apoiar unha vida xusta e axeitada para nenos e nenas en Burkina Faso e outros países do Sahel. Xunto con cada flor que se debuxa nos marcapáxinas escribimos unha das cousas marabillosas que hai no mural, como símbolo daquilo que axuda a que nenos e nenas de todo o mundo medren sans e felices. Explicamos que todos, nazan onde nazan, teñen dereito a iso pero non sempre poden contar con esas cousas marabillosas, coma é no caso dos milleiros de nenas e nenos en Burkina Faso que non teñen o alimento que precisan:

Para axudar a todos eses nenos e nenas convidámoslles a que os leven a casa e os intercambien por achegas económicas que han servir para apoiar os programas contra a desnutrición infantil que realiza Save the Children en Burkina Faso e na zona do Sahel. Tamén poden amosarse os marcapáxinas na “Floraría Solidaria” se o centro escolar decide organizar unha actividade colectiva.

Suxerencias para a actividade

Avísase con tempo aos alumnos e alumnas para que traian un libro que lles guste para partillar nesta actividade que celebra o Día do libro solidario.

Segundo a idade dos participantes a profesora vai facilitando e adaptando a actividade.

Avaliación

Cando finalice a actividade poden presentarse algunhas preguntas para reflexionar:

- Coñeciches contos ou libros novos que te gustaría ler?
- Que cousas marabillosas cres que non deberían de faltarlle a ningún neno ou nena do mundo?
- Podemos facer cousas para axudar a outros nenos e nenas que viven nunha situación máis desfavorecida?

Educación Primaria

“Flores solidarias con nomes africanos”

9–12 anos

**45 min.****Obxectivos**

- Achegarlles aos nenos e nenas as linguaxes narrativas orais e escritas.
- Facilitar o coñecemento de outras realidades e o respecto pola diversidade e a igualdade de dereitos.
- Implicar aos nenos e nenas nas actividades comunitarias para mellorar a vida da infancia no mundo.

Competencias

A creatividade e o coñecemento de diferentes linguaxes artísticas e o coñecemento da realidade doutros pobos contribúe ao desenvolvemento da **competencia cultural e artística**, ser capaces de desenvolver accións individuais ou colectivas con creatividade e senso crítico axuda ao desenvolvemento da **competencia para a autonomía e iniciativa persoal**.

Metodoloxía

Empréganse dinámicas de achegamento á cultura africana a través do coñecemento da tradición oral, contribuindo a reflexionar sobre os dereitos da infancia.

Materiais

- Exemplo de proverbios africanos (Anexo I)
- Papel, lapis e/ou bolígrafo
- Mural con nomes propios de diferentes dialectos africanos
- Marcapáxinas
- Material para decorar flores: pinturas, papel de cores, rotuladores, xornais, pegamento...

Desenvolvemento da actividade**A importancia da narración oral en África (15 min.)**

Comezamos a actividade explicando a importancia que ten a narración oral na cultura africana. Os coñecementos e as tradicións tiveron na voz unha vía de transmisión principal durante séculos. Os contos e as historias tamén se transmitiron oralmente de xeración en xeración. Os proverbios son unha maneira de transmitir coñecemento. Podemos ler algúns exemplos de proverbios africanos e explicar o seu significado (Ver anexo I). De seguido, podemos preguntar se alguén coñece algún proverbio ou refrán e poñémolo en común. Sinalamos a importancia das ensinanzas ou significados que teñen estes proverbios e a necesidade de seguirmolos transmitindo de xeración en xeración.

Nomes que din moito (10 min.)

Despois de comprobar que as frases relativamente curtas como os proverbios ou os refráns poden ofrecer moita información en forma de ensinanza ou consello, explicamos que en moitos dialectos africanos os nomes propios teñen tamén un significado especial. Empregamos o mural que preparamos previamente con varios exemplos onde amosamos o nome orixinal africano e o seu significado en castelán.

Unha vez repasados os nomes podemos pedirllas que reflexionen sobre qué teñen en común todos eles e se cren que teñen relación cos Dereitos da infancia. A mestra ou mestre pode lembrar nese momento que todos os nenos e nenas, nazan onde nazan, teñen os mesmos dereitos, pero isto non sempre se cumpre. En países coma Burkina Faso milleiros de nenos e nenas sofren desnutrición, unha doenza que pode ser atallada e tratada cos medios axeitados.

Dando nome e vida ás flores (20 min.)

Repártense os marcapáxinas e o material para decoralos entre os alumnos e alumnas. Explicamos que estes marcapáxinas van servir para loitar contra a desigualdade e para defender os dereitos de milleiros de nenas e nenos que sofren desnutrición en países coma Burkina Faso. Pedímoslles que elixan do mural 5 nomes, cuxo significado represente dereitos ou valores que estimen máis importantes para loitar a prol dos Dereitos da infancia e que debuxen unha flor ó seu carón.

Convidámoslles a que os leven a casa e os intercambien por achegas económicas que han servir para apoiar programas contra a desnutrición infantil que realiza Save the Children en Burkina Faso e na zona do Sahel. Tamén poden amosarse os marcapáxinas na “Florería Solidaria” se o centro escolar decide organizar unha actividade colectiva.

Avaliación

Cando finalice a actividade poden presentarse algunhas preguntas para reflexionar en grupo:

- Os proverbios que ti coñeces parécense ós africanos?
- Que conceptos importantes credes que adoitan explicar os refráns?
- Que outras formas de tradición oral coñeces?

Nome–Significado

MAISHA–VIDA
SIHAM–PARTILLAR
LIMBER–FELICIDADE
DUKANA–AXUDAR
LESEDI–LUZ
ANANA–AMÁBEL
AKINA–SOLIDARIEDADE
BEM–PAZ
ADILA–XUSTO
BETSERAI–AXUDA
ASHIA–ESPERANZA
RACHID–XUSTA
NIARA–GRANDES PROPÓSITOS
MORONI–BENESTAR
AFENI–SAÚDE

Educación Secundaria

“Transforma o personaxe nunha flor”

12–18 anos

**50 min.****Obxectivos**

- Descubrir experiencias que nos abren a outras realidades por medio das historias.
- Reflexionar sobre a importancia de mellorar o mundo no que vivimos.
- Favorecer a participación creativa en accións comunitarias a prol da xustiza, a dignidade e o benestar de nenos e nenas.

Competencias

Comprender a realidade histórica e social do mundo, os seus logros e os seus problemas favorecen a **competencia social e cidadá**. Empregar distintos recursos para realizar creacións propias contribúe ao desenvolvemento da **competencia cultural e artística**. A actividade constructiva e creativa desenvolve competencias socioemocionais baseadas no respecto, a responsabilidade e a participación a prol da igualdade de dereitos e a convivencia social positiva.

Metodoloxía

As dinámicas de traballo en grupo, o achegamento á lectura e á narrativa (emocional, oral e plástica) favorecen a actividade comunitaria.

Materiais

- A historia de Assia (**Anexo II**)
- Papel e bolígrafo
- Marcapáxinas solidarios
- Material para decorar flores: pinturas, papel de cores, rotuladores, xornais, pegamento...

Desenvolvemento da actividade**Descubrir e reflexionar en grupo (20 min.)**

Facemos unha pequena introdución explicando que no mundo da narrativa as historias son as grandes protagonistas. Cando lemos un libro temos a oportunidade de coñecer a unha serie de personaxes, reais ou inventados, e experimentar a través da empatía aquilo que eles viven na historia. Haberá ocasións nas que nos sexa máis doado porque as historias e as personaxes sonnos máis achegados, pero noutras teremos que imaxinarnos situacións e emocións polas que non pasamos.

Propómoslles coñecer un pouco máis polo miúdo a historia dunha muller africana, para o que lles pediremos que en grupos de 5 adiquen uns minutos a ler a historia de Assia que lles facilitamos impresa e, de seguido, respondan a unha serie de preguntas que aparecen ó final da folla.

Experimentando a empatía (15 min.)

Os grupos poñen en común as respostas traballadas de xeito áxil, namentres a mestra ou o mestre escribe no encerado ou nun lugar visíbel da clase a seguinte frase: **“A habilidade de recoñecer e sentir o que outra persoa sente é la base da convivencia”**. Unha vez vista a frase intercámbianse opinións e sentires sobor a afirmación entre todos os grupos.

Un reto creativo a través da expresión plástica (15 min.)

De seguido propósmoslles que pensen nunha das personaxes da historia, qué o define e o caracteriza e que o transformen nunha flor. Como reflectir a través da creatividade dunha flor as cualidades e sentimentos? Repártense os marcapáxinas entre os participantes na actividade e póñense en marcha co reto.

Namentres realizan este traballo plástico recordámoslles que este Día do libro convertémolo en solidario para apoiar a infancia que vive situacións de desigualdade e inxustiza social en Burkina Faso. A desnutrición, a mortalidade, a falta de condicións para o desenvolvemento axeitado son causas que impiden que una nena ou un neno sobrevivan. O xénero, o lugar de residencia ou o grupo étnico ao que se pertence pode ser un asunto de vida ou morte. Esta é a lotería da vida. Acabar coa mortalidade infantil significa loitar contra a desigualdade e asegurar que cada nena e cada neno, sen importan onde viva e quén sexa a súa nai ou pai, reciba a atención e os cuidados que precisa e aos que ten dereito.

Convidamos ás alumnas e alumnos a que leven os marcapáxinas a casa para explicarlles a familiares e amigos os problemas que sofren milleiros de nenos e para pedir a súa colaboración mercando un de eles a cambio dunha achega económica. Tamén poden deixar algún dos marcapáxinas na “Floraría Solidaria do Día do libro”.

Suxerencias para a actividade

Convidamos a que os alumnos e alumnas traian un libro para celebrar o Día do libro solidario e o partillen.

É importante explicar que a actividade é “un reto creativo”. Non hai creacións ben feitas ou mal feitas, todas son importantes sempre que haxa respecto polas personaxes.

Avaliación

Cando finalice a actividade poden presentarse algunhas preguntas para reflexionar en grupo:

- É doado ou difícil recoñecer o que sente outra persoa? Por que?
- Cres que coñecer outras realidades mellora a convivencia entre as persoas?
- Que che pareceu expresar trazos humanos a unha flor a través dun debuxo?

Actividade de Centro

“Floraría Solidaria”

Educación Infantil, Primaria e Secundaria

Obxectivos

- Destacar o Día do libro como recurso metodolóxico a prol do desenvolvemento da infancia.
- Crear iniciativas comunitarias que colaboren coa mellora dos dereitos da infancia.
- Favorecer a participación da comunidade educativa a prol da xustiza social e o benestar de nenos e nenas.

Competencias

Tomar parte activa a prol dos dereitos doutros iguais favorece a **competencia social e cidadá**, onde a responsabilidade, a participación e a convivencia social positiva, beneficia a interiorización do ben común.

Metodoloxía

Proceso de traballo conxunto onde cada clase e/ou aula coopera por unha tarefa (florería) e obxectivo común (defensa dos dereitos da infancia no mundo).

Materiais

- Contos e libros
- Decorados
- Marcapáxinas solidarios

Desenvolvemento da actividade

Crear espazo axeitado

É preciso un espazo axeitado para poñer os libros e os contos recopilados. As diferentes aulas achegan os marcapáxinas realizados nas actividades para a exposición da “Florería Solidaria”.

Visita á florería

As alumnas e alumnos, o mestrado e as familias pasan pola florería para coñecer a exposición de libros, contos e marcapáxinas.

Cooperación coa mellora da infancia

Os participantes na actividade escollen un libro e un marcapáxinas para mercar; a achega económica contribúe ao apoio dos proxectos de cooperación de Save the Children, e con iso melloran a dignidade de nenos e nenas perante a inxusta situación vivida pola infancia en Burkina Faso.

“Todas as persoas, todas as nenas e os nenos deben de vivir con dignidade, todos deben de ter oportunidades de futuro e desenvolvemento. Para iso, os gobernos, as organizacións e todas as persoas debemos de poñer en primeiro lugar a preocupación pola infancia”.

Suxerencias para a actividade

As semanas anteriores, o mestrado convida a traer libros e contos para donar durante o día do libro.

É interesante realizar un decorado-mural para a “Florería Solidaria - Día do libro”.

Os marcapáxinas tamén se levan a casa para que as familias e amigos poidan coñecer esta situación de inxustiza que viven millóns de nenas e nenos e colaboren mercando un marcapáxinas.

O mestrado organiza a visita das diferentes aulas e da comunidade educativa á florería segundo a pertinencia á dinámica do centro.

Convidamos aos centros participantes a que envíen fotos e mensaxes sobre a actividade “A Florería Solidaria no día do Libro” para que poidamos partillar as vosas experiencias na nosa web e redes sociais.

ANEXOS



Foto: Nyani Quarmyne /Save the Children

ANEXOS

Anexo I: Proverbios africanos

- “A morte dun ancián é coma unha biblioteca que se queima.” (Costa de Marfil)
- “As pegadas das persoas que camiñaron xuntas nunca se borran.” (Congo)
- “Cando dous elefantes loitan é a herba a que sofre.” (Uganda)
- “Lembra, se hai tormenta haberá arco da vella.” (Kikuyu, Kenia)
- “Unha mentira pode matar mil verdades.” (Asanti, Ghana)
- “Traballar o campo é duro, pero máis dura é a fame.” (Kikuyu, Kenia)
- “Os tambores de guerra son tambores de fame.” (Sudáfrica)
- “Hai máis sabiduría escoitando que falando.” (Kikuyu, Kenia)
- “O río énchese con regatos pequenos.” (Bateke, Congo)
- “Quen fai preguntas non é parvo.” (Suhawili, Tanzania y Kenia)

Anexo II: A historia de Assia

Assia ten oito fillos, catro nenas e catro nenos. O máis pequeno, Bouh, ten sete meses e os dous maiores, que son xemelgos, sete anos. A súa filla Khadijelou de tres anos, ten o pelo alaranxado e os brazos moi delgados, claros síntomas de desnutrición. Menos os dous máis pequenos, o resto van á escola.

“Este ano é moi duro para nós. Vivimos da terra. Se chove, traballamos no campo, se non chove, non podemos traballar a terra. Ás veces atopamos algo para comer, outras veces non atopamos nada” explica Assia.

“Temos un pozo onde collemos auga de choiva para beber, se o pozo non ten auga, imos a por auga a unha charca a doce quilómetros de aquí” engade Assia. O xefe da aldea explica que a auga da charca é auga estanca e descoñece a súa calidade, mais non teñen outra cousa para beber. “Gustaríanos ter auga potábel na aldea ” di Assia.

Ó igual ca noutras aldeas da zona, máis da metade do gando morreu por mor da sequía e o que queda está moi débil. Á entrada da aldea atopamos varios cadáveres de vacas. As que quedan vivas marchan a pastar cedo pola mañá, pero media ducia quedan na aldea buscando unha sombra, porque non lles quedan forzas para poñerse de pé.

Assia está soa cos seus fillos. O seu marido viaxa moito e ela queda ao cargo da casa.

“Este ano todo é caro e a vida é moi dura. Por mor da seca os prezos subiron e os alimentos son moi caros. O quilo de arroz está a 250 uquiyas (0.67 €) e cada día fannos falta dous quilos e medio para comer”.

Todos os fillos de Assia menos os dous pequenos van á escola “desexo que os meus fillos terminen os seus estudos para que teñan un bo futuro e, o día de mañá, poidan axudar á súa familia. Cando eles poidan traballar eu xa non terei que traballar máis”.

Agora que coñeces a historia de Assia, responde de ás seguintes cuestións:

- Cantos personaxes aparecen nomeados?
- Que calidades destacariades de cada personaxe da historia?
- Que sentimentos considerades que vive cada un dos personaxes desta historia?

Marca unha páxina na

Queremos coñecer o voso traballo.

Envía as túas fotos das actividades e os marcapáxinas a:

diadellibro@savethechildren.es

Non esquezas incluír a autorización de imaxe para partillalas na nosa web e redes sociais.



vida de millóns de nenas e nenos

A C/C na que podedes ingresar o recadado na actividade é:

Banco Santander

ES55 0049 1837 5620 1024 9000

LEMBRA INDICAR NO CONCEPTO O NOME DO CENTRO.

Moitas grazas!



Save the Children

SAVE THE CHILDREN traballa en máis de 120 países.
Salvamos as vidas de nenos e nenas. Loitamos polos seus dereitos.
Axudámoslos a desenvolver o seu potencial.



MARCAPÁXINAS

per a Solidariedade



**TOURLINE
EXPRESS**



C/ Doctor Esquerdo, 138 - 28007 Madrid
T. 91 513 05 00

savethechildren.es